

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016637	Cosme López Rodríguez	Rúa (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0229	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0229_12	Prevenición de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0229_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MANUELA ENRÍQUEZ RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Real decreto 1691/2007, do 14 de decembro, establece o título de técnico en sistemas microinformáticos e redes e as súas correspondentes ensinanzas mínimas. Consonte o anterior, o Decreto 27/2010, do 25 de febreiro, establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en sistemas microinformáticos e redes. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

I.- Contorno profesional.

1. Estas persoas exercen a súa actividade nomeadamente en empresas do sector de servizos dedicadas á comercialización, á montaxe e á reparación de equipamentos, redes e servizos microinformáticos en xeral, como parte do soporte informático da organización, ou en entidades de calquera tamaño e calquera sector produtivo que utilicen sistemas microinformáticos e redes de datos para a súa xestión.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

¿ Técnico/a instaladora/a ou reparador/a de equipamentos informáticos.

¿ Técnico/a de soporte informático.

¿ Técnico/a de redes de datos.

¿ Reparador/a de periféricos de sistemas microinformáticos.

¿ Comercial de microinformática.

¿ Operador/a de teleasistencia.

¿ Operador/a de sistemas.

II.- Prospectiva do título no sector ou nos sectores.

1. O perfil profesional deste título, dentro do sector de servizos, evoluciona cara a unha grande especialización na solución dos problemas comúns en sistemas microinformáticos e redes locais, en pequenos contornos.

2. A evolución tecnolóxica tende a sistemas cada vez máis económicos, o que, unido ao abaratamento do acceso a internet, orixina que os sistemas informáticos sexan considerados como un recurso máis no fogar, e a asistencia técnica tende a se realizar no propio domicilio.

3. A teleoperación, a asistencia técnica remota, a asistencia en liña e os telecentros configúranse como un elemento imprescindible na resposta á demanda de asistencia técnica.

4. As tarefas de montaxe e mantemento han ter que adaptarse á normativa sobre os tratamentos e a xestión de residuos e axentes contaminantes.

5. O grande número de pequenas empresas no sector incrementa a necesidade de que esta figura profesional interveña en tarefas de comercio, participando tamén en labores de tipo administrativo.

6. A presenza activa de empresas en internet está a facer que aumente progresivamente o número de transaccións realizadas por este medio, o que fai que este perfil sexa cada vez máis demandado para colaborar na instalación e no mantemento de servizos sobre a rede.

7. Debido aos rápidos avances e cambios tecnolóxicos do sector, demándanse profesionais nos que se fan imprescindibles actitudes favorables cara á autoformación.

III.-Competencia xeral.

A competencia xeral deste título consiste en instalar, configurar e manter sistemas microinformáticos, illados ou en rede, así como redes locais en pequenos contornos, asegurando a súa funcionalidade e aplicando os protocolos establecidos de calidade, seguridade e respecto polo medio.

IV.- Competencias profesionais, persoais e sociais

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan deseguido:

- a) Determinar a loxística asociada ás operacións de instalación, configuración e mantemento de sistemas microinformáticos, interpretando a documentación técnica asociada e organizando os recursos necesarios.
- b) Montar e configurar computadores e periféricos, e asegurar o seu funcionamento en condicións de calidade e seguridade.
- c) Instalar e configurar software básico e de aplicación, e asegurar o seu funcionamento en condicións de calidade e seguridade.
- d) Reformular as instalacións de cables e a electrónica de redes locais en pequenos contornos e a súa conexión con redes de área extensa, canalizando a un nivel superior os supostos que así o requiran.
- e) Instalar e configurar redes locais con cables, sen eles e mixtas, así como a súa conexión a redes públicas, e asegurar o seu funcionamento en condicións de calidade e seguridade.
- f) Instalar, configurar e manter servizos multiusuario, aplicacións e dispositivos compartidos nun contorno de rede local, atendendo ás necesidades e aos requisitos especificados.
- g) Realizar as probas funcionais en sistemas microinformáticos e redes locais, localizando e diagnosticando disfuncións, para comprobar e axustar o seu funcionamento.
- h) Manter sistemas microinformáticos e redes locais, substituíndo, actualizando e axustando os seus compoñentes, para asegurar o rendemento do sistema en condicións de calidade e seguridade.
- i) Executar procedementos establecidos de recuperación de datos e aplicacións ante fallos e perdas de datos no sistema, para garantir a integridade e a dispoñibilidade da información.
- j) Elaborar documentación técnica e administrativa do sistema, cumprindo as normas e a regulamentación do sector, para o seu mantemento e a asistencia á clientela.
- k) Elaborar orzamentos de sistemas á medida cumprindo os requisitos da clientela.
- l) Asesorar e asistir a clientela, canalizando a un nivel superior os supostos que o requiran, para achar solucións acaídas para as súas necesidades.
- m) Organizar e desenvolver o traballo asignado mantendo unhas relacións profesionais axeitadas no contorno de traballo.

- n) Manter un espírito constante de innovación e de actualización no ámbito do sector informático.
- o) Utilizar os medios de consulta dispoñibles e seleccionar o máis acaído en cada caso, para resolver nun tempo razoable supostos non coñecidos e dúbidas profesionais.
- p) Aplicar os protocolos e as normas de seguridade, calidade e respecto polo medio nas intervencións realizadas.
- q) Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando consonte os principios de responsabilidade e de tolerancia.
- r) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- s) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- t) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación vixente.
- u) Xestionar a súa carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, autoemprego e aprendizaxe.
- v) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando un estudo de viabilidade de produtos, así como a planificación da produción e da comercialización.
- w) Participar de xeito activo na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos laborais. Conceptos básicos	Conceptos básicos de prevención de riscos laborais	9	5
2	A prevención de riscos: lexislación e organización.	Identificación e avaliación de riscos laborais.	18	10
3	Factores de risco e a súa prevención	Análise dos factores de risco e medidas preventivas	14	10
4	Emerxencias e primeiros auxilios	Plans de emerxencia, primeiros auxilios.	13	5
5	O Dereito do Traballo.	Órganos que elaboran as normas laborais. Dereitos e deberes de traballadores e empresario.	10	10
6	O Contrato de traballo.	Concepto de contrato e emodalidades.	10	10
7	A xornada de traballo.	Xornada máxima, descansos.	6	5
8	O salario e a nómina	O recibo de salarios	8	10
9	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	lo. Regulación das posibles modificacións, suspensións e extincións que poden sufrir os contratos de traballo segundo a lei	10	10
10	Participación dos traballadores na empresa.	Representación dos traballadores e negociación colectiva	8	10
11	A Seguridade Social e o Desemprego.	Estructura da Seguridade Social .Obrigas e dereiros. Prestacións.	10	5
12	Orientación Laboral.	Proceso e ferramentas da procura de emprego.	6	5
13	Equipos de Traballo. Conflicto e negociación.	Concepto de equipo, características. Situacións de conflitos laborais así como a súa solución.	6	5

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais. Conceptos básicos	9

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e saúde laboral.	NO
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional, para o que analiza as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da informática.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en sistemas microinformáticos e redes.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA2.3 Clasifícanse e descríbense os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en sistemas microinformáticos e redes.
CA4.1 Defínense as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias en caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde, e influencia das condicións de traballo sobre ela.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A prevención de riscos: lexislación e organización.	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e saúde laboral.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Distingúronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadores.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e formación como medio para a eliminación ou redución dos riscos laborais.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, de protección da maternidade e da lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e á protección da saúde no sector da informática.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA3.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.6 Establécese o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, con distinción das responsabilidades e das funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en sistemas microinformáticos e redes.

4.2.e) Contidos

Contidos
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadores en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Participación na planificación e posta en práctica dos plans de prevención.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Factores de risco e a súa prevención	14

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional, para o que analiza as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da informática.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en sistemas microinformáticos e redes.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en sistemas microinformáticos e redes.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Riscos específicos no sector da informática en función das probables consecuencias, o tempo de exposición e os factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da informática.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Emerxencias e primeiros auxilios	13

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e saúde laboral.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en sistemas microinformáticos e redes.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou dunha mediana empresa do sector de actividade do título.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que cumpra aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.4.e) Contidos

Contidos
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e posta en práctica dos plans de prevención.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O Dereito do Traballo.	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diversas situacións de traballo.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identificouse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.

4.5.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O Contrato de traballo.	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diversas situacións de traballo.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.6.e) Contidos

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Análise da relación laboral individual.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A xornada de traballo.	6

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diversas situacións de traballo.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, na súa ausencia, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en sistemas microinformáticos e redes.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva de homes e mulleres.

4.7.e) Contidos

Contidos
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	O salario e a nómina	8

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diversas situacións de traballo.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.8 Analízouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

4.8.e) Contidos

Contidos
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	10

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diversas situacións de traballo.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

4.9.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Participación dos traballadores na empresa.	8

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diversas situacións de traballo.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.10 Identifícaronse os órganos de representación dos traballadores na empresa.

4.10.e) Contidos

Contidos
ORepresentación das persoas traballadoras na empresa. Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en sistemas microinformáticos e redes Sindicatos e asociacións empresariais.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	A Seguridade Social e o Desemprego.	10

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguranza social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguranza social como pilar do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguranza social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a esta e á parte empresaria.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguranza social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.11.e) Contidos

Contidos
A seguranza social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguranza social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguranza social.

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	Orientación Laboral.	6

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en sistemas microinformáticos e redes.
CA4.6 Determináronse as competencias e capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e para permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en sistemas microinformáticos e redes.
CA4.8 Empregáronse axeitadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.12.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en sistemas microinformáticos e redes.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en sistemas microinformáticos e redes.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en sistemas microinformáticos e redes.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

4.13.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
13	Equipos de Trabajo. Conflicto e negociación.	6

4.13.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diversas situacións de traballo.	NO

4.13.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en sistemas microinformáticos e redes, e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións, e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos e coa participación responsable e activa dos seus membros.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

4.13.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e dos inconvenientes do traballo en equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector da informática segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflitos: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación de conflitos.
Conflitos colectivos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo Formación e Orientación Laboral (FOL) evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver.

Asemade, dado que se trata de ensinanzas presenciais, o alumnado deberá asistir regularmente ás actividades programadas, considerándose perda de avaliación continua cando o número de faltas supere o 10% da duración do módulo, de conformidade coa Orde do 12 de xullo de 2011 (DOG nº136/2011 do 15 de xullo) .

Os mínimos esixibles para este módulo son: OS ESTABLECIDOS EN CADA UNIDADE. Estes mínimos serán a referencia para configurar as probas de recuperación das partes non superadas, así como as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua e guiarán o procedemento de avaliación ordinaria do módulo.

CRITERIOS CALIFICACION:

A avaliación será inicial e continua.

AVALIACIÓN INICIAL

A sesión de avaliación inicial realizarase os primeiros días do curso. Servirá para constatar o nivel do alumnado antes de comezar o proceso de ensino-aprendizaxe e para que o equipo docente faga un diagnóstico de partida de cada alumno e do conxunto do grupo. A avaliación inicial é un dos elementos que nos indica a necesidade de adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilidade na materia.

Esta avaliación inicial, poderase facer mediante unha proba escrita, u ben, facendo nunha sesión de clases varias preguntas orais para estudar o nivel xeral do alumnado. Pois, o alumnado moitas veces, chega a ciclo medio sen coñecer tan sequera de que trata a materia.

AVALIACIÓN CONTINUA

ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

As pautas a seguir na análise dá información recollida para determinar a cualificación do alumnado van ser as seguintes:

- 60%-75% será a media aritmética ponderada acadada nas probas escritas realizadas durante cada avaliación, coa esixencia de que o alumno/a teñan superada cada proba. (dependendo das tarefas e probas entregadas en cada avaliación)
- 10% dá cualificación será a participación en clase, actitudes e o traballo na aula.
- O 30%-15% restante, será o resultado dos traballos e exercicios recollidos. Estes traballos realizaranse mediante TICs. (dependendo das tarefas e probas entregadas en cada avaliación)

En Xeral terase en conta que o contido da resposta sexa correcto e completo, que estea debidamente razoada, a claridade de exposición, a concreción, o dominio da terminoloxía específica do módulo e o emprego de exemplos adecuados. Se os exercicios son prácticos teranse en

conta, tanto as interpretacións, explicacións e comentarios dos exercicios, como a expresión dos resultados numéricos nas unidades correctas. Se a proba consta de parte teórica e práctica diferenciada, será necesario ter aprobadas ambas para superala.

Poderase facer probas nas que teñan que facer comentarios, numerar, explicar ou definir unha parte da materia, así coma exercicios prácticos.

A cualificación do alumnado en cada avaliación será formada a partir das probas escritas (controis), traballos que se fagan ou longo da avaliación, actividades, actitude e participación. Deberan ter superada cada unha das partes cun mínimo dun 5.

O final da avaliación farase un exame escrito para recuperar ás partes que teñan suspensas (na medida do posible farase antes de facer a sesión de avaliación). Ademais, deben entregar os traballos marcados como obrigatorios para poder superar a avaliación.

O alumnado que por algunha causa xustificable non poda facer algunha proba o día fixado, faráselle dita proba o día da recuperación.

Cando un alumno ou alumna queira subir nota, farase un exame de toda a avaliación, e, en ningún caso se gardará a nota anterior.

De non acadar a cualificación mínima en cada unha destas partes, a avaliación considerarase non superada, aínda que na media ponderada das distintas probas da avaliación acadara unha cualificación igual o superior a 5.

Se existise fracción decimal procederáse do seguinte xeito:

- Fraccións decimais iguais ou superiores a medio punto: redondearase por exceso.

- Fraccións decimais inferiores a medio punto: non existirá redondeo á alza.

Aquela parte na que non se acadase esta cualificación mínima considerarase non superada e terá que recuperala. Na recuperación, se existise fracción decimal en ningún caso se redondeará á alza, sexa cal sexa o valor desta.

No caso de que algún alumno ou alumna intente aprobar por métodos fraudulentos, este suspenderá directamente a avaliación, e faráselle unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación o final de curso.

ACTIVIDADE SEMIPRESENCIAL

En caso de ter que combinar a actividade de forma semipresencial, as pautas a seguir na análise da información recollida para determinar a cualificación dos alumnos e alumnas van ser as seguintes:

- 60%-75% será a media aritmética ponderada acadada nas probas escritas realizadas durante cada avaliación, coa esixencia de que o alumno/a teñan superada cada proba. (dependendo das tarefas e probas entregadas en cada avaliación)
- 10% da cualificación será a participación en clase, actitudes e o traballo na aula.
- O 30%-15% restante, será o resultado dos traballos e exercicios recollidos. Estes traballos realizaranse mediante TICs, que terán que resolver en casa e/ou na aula. (dependendo das tarefas e probas entregadas en cada avaliación)

En Xeral terase en conta que o contido da resposta sexa correcto e completo, que estea debidamente razoada, a claridade de exposición, a concreción, o dominio da terminoloxía específica do módulo e o emprego de exemplos adecuados. Se os exercicios son prácticos teranse en conta, tanto as interpretacións, explicacións e comentarios dos exercicios, como a expresión dos resultados numéricos nas unidades correctas. Se

a proba consta de parte teórica e práctica diferenciada, será necesario ter aprobadas ambas para superala.

Poderase facer probas nas que teñan que facer comentarios, numerar, explicar ou definir unha parte da materia, así coma exercicios prácticos.

A cualificación do alumnado en cada avaliación será formada a partir das probas escritas (controis), traballos que se fagan ou longo da avaliación, actividades, actitude e participación. Deberan ter superada cada unha das partes cun mínimo dun 5.

O final da avaliación farase un exame escrito para recuperar ás partes que teñan suspensas (na medida do posible farase antes de facer a sesión de avaliación). Ademais, deben entregar os traballos marcados como obrigatorios para poder superar a avaliación

O alumnado que por algunha causa xustificable non poda facer algunha proba o día fixado, faráselle dita proba o día da recuperación.

Cando un alumno ou alumna queira subir nota, farase un exame de toda a avaliación, e, en ningún caso se gardará a nota anterior.

De non acadar a cualificación mínima en cada unha destas partes, a avaliación considerárase non superada, aínda que na media ponderada das distintas probas da avaliación acadara unha cualificación igual o superior a 5.

Se existise fracción decimal procederáse do seguinte xeito:

- Fraccións decimais iguais ou superiores a medio punto: redondearase por exceso.

- Fraccións decimais inferiores a medio punto: non existirá redondeo á alza.

Aquela parte na que non se acadase esta cualificación mínima considerárase non superada e terá que recuperala. Na recuperación, se existise fracción decimal en ningún caso se redondeará á alza, sexa cal sexa o valor desta.

No caso de que algún alumno ou alumna intente aprobar por métodos fraudulentos, este suspenderá directamente a avaliación, e faráselle unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación o final de curso.

ACTIVIDADE NON PRESENCIAL

No caso dunha situación sanitaria que non permita o alumnado asistir a clase, farase un novo plantexamento das tarefas da ensinanza de aprendizaxe e de traballo do alumnado. Esta situación pode prolongarse mentres as condicións sanitarias o aconsellen. Nestas circunstancias, as propostas de actuación teñen por obxecto contribuír o mellor aproveitamento educativo por parte do alumnado, á eficacia do traballo do docente, á avaliación xusta e equitativa das aprendizaxes.

En caso de ter que facer unhas actividades non presenciais, as pautas a seguir na análise da información recollida para determinar a cualificación dos alumnos e alumnas van ser as seguintes:

- 60%-75% será a media aritmética ponderada acadada nas probas escritas realizadas durante cada avaliación, coa esixencia de que o alumno/a teñan superada cada proba. (dependendo das tarefas e probas entregadas en cada avaliación)
- 10% da cualificación será a participación en clase, actitudes e o traballo na aula.
- O 30%-15% restante, será o resultado dos traballos e exercicios recollidos. Estes traballos realizaranse mediante TICs, que terán que resolver en casa nun tempo determinado. (dependendo das tarefas e probas entregadas en cada avaliación)

En Xeral terase en conta que o contido da resposta sexa correcto e completo, que estea debidamente razoada, a claridade de exposición, a concreción, o dominio da terminoloxía específica do módulo e o emprego de exemplos adecuados. Se os exercicios son prácticos teranse en conta, tanto as interpretacións, explicacións e comentarios dos exercicios, como a expresión dos resultados numéricos nas unidades correctas. Se a proba consta de parte teórica e práctica diferenciada, será necesario ter aprobadas ambas para superala.

Poderase facer probas nas que teñan que facer comentarios, numerar, explicar ou definir unha parte da materia, así coma exercicios prácticos.

A cualificación do alumnado en cada avaliación será formada a partir das probas escritas (controis), traballos que se fagan ou longo da avaliación, actividades, actitude e participación. Deberan ter superada cada unha das partes cun mínimo dun 5.

O final da avaliación farase unha proba escrita para recuperar ás partes que teñan suspensas (na medida do posible farase antes de facer a sesión de avaliación). Ademais, deben entregar os traballos marcados como obrigatorios para poder superar a avaliación.

O alumnado que por algunha causa xustificable non poda facer algunha proba o día fixado, faráselle dita proba o día da recuperación.

Cando un alumno ou alumna queira subir nota, farase un exame de toda a avaliación, e, en ningún caso se gardará a nota anterior.

De non acadar a cualificación mínima en cada unha destas partes, a avaliación considerarase non superada, aínda que na media ponderada das distintas probas da avaliación acadara unha cualificación igual o superior a 5.

Se existise fracción decimal procederase do seguinte xeito:

- Fraccións decimais iguais ou superiores a medio punto: redondearase por exceso.

- Fraccións decimais inferiores a medio punto: non existirá redondeo á alza.

Aquela parte na que non se acadase esta cualificación mínima considerarase non superada e terá que recuperala. Na recuperación, se existise fracción decimal en ningún caso se redondeará á alza, sexa cal sexa o valor desta.

No caso de que algún alumno ou alumna intente aprobar por métodos fraudulentos, este suspenderá directamente a avaliación, e faráselle unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación o final de curso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- Aqueles alumnos/as que durante o curso non entregaran os traballos e tarefas mínimas exixibles, deberán entregalos para poder facer a exame final escrita. Tamén poderase modificar a entrega dos traballos exixibles durante o curso por un exame da materia incluída nos traballos.
- Aqueles alumnos/as que o final de curso non superasen o módulo por avaliacións ou que perderan o dereito a avaliación continua farán unha proba final escrita (dunha avaliación suspensa ou de toda a materia (cando se suspende mais dunha avaliación ou teñen perda de avaliación continua.).

A proba escrita e tarefas faranse de forma presencial cando sexa posible, e en caso contrario, por medios telemáticos, tendo en conta as posibilidades do alumnado (Aula virtual, teléfono, Webex, etc.).

Pódense grabar as probas telemáticas, con autorización previa do titor legal do alumno. Quedando as mesmas para uso persoal da profesora. A cualificación do alumnado vai a ser da seguinte forma:

- 90% será a media aritmética ponderada acadada nas probas escritas (mínimo 60%) realizadas durante o período de recuperación. E, dos traballos e exercicios recollidos (30% máximo). Coa esixencia de que o alumno/a teñan superada cada parte.
- 10% da cualificación será a participación, actitudes e o traballo no período de recuperación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

ALUMNADO DE 2º CO MÓDULO DE FOL PENDENTE.

Antes da proposta da FCT en período ordinario, realizarán unha proba final dos contidos do módulo, sendo preciso acadar polo menos un 50% da nota do exame escrito e entregar exercicios e tarefas encomendadas se é o caso.

Levaráanse a cabo no período oficialmente establecido para tal fin e poderán consistir só nun exame escrito (100% da nota final) ou nun exame escrito (60%) que se complemente coa entrega de actividades e traballos (40%).

A proba escrita e tarefas faranse de forma presencial cando sexa posible, e en caso contrario, por medios telemáticos, tendo en conta as posibilidades do alumnado (Aula virtual, teléfono, Webex,...).

A cualificación do alumnado será a media aritmética ponderada das partes, debendo ter superada cada unha das partes cun mínimo dun 5. No caso de que algún alumno ou alumna intente aprobar por métodos fraudulentos, este suspenderá directamente a avaliación, e faráselle unicamente un exame de recuperación de toda a avaliación o final de curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Dado que no proceso de ensino-aprendizaxe é preciso levar a cabo un control periódico, para verificar que os obxetivos prantexados inicialmente se van cumprindo tal e como se deseñaron, e, de non ser así, analizar as causas do incumprimento e adoptar as medidas precisas, resulta lóxico que o documento base deste proceso resulte avaliado

Avaliación do funcionamento das Unidades Didácticas:

A partir das anotacións recollidas (diario da clase), polo/a profesor/a, elaborárase un informe sinxelo sobre o desenvolvemento na aula, das Unidades Didácticas, que podería quedar a disposición do profesorado do curso xa que constitúe unha fonte imprescindible para mellorar o deseño en anos sucesivos. Poden ser puntos de reflexión, os seguintes:

- o Recursos (materiais, organización, fontes de información, ...).
- o Proposta de actividades de ensino aprendizaxe (interese promovido, si se desencadeou un proceso de indagación, nivel de apertura ou concreción das tarefas).
- o Grao de dificultade das tarefas e se a súa secuencia é adecuada.
- o Observacións e reflexións sobre os procesos de aprendizaxe do alumnado, estrutura das Unidades Didácticas: ¿significou avance?,

¿facilitou a aprendizaxe?.

Para eso o Departamento reunírase, tal e como a normativa esixe, cunha periodicidade mínima mensual para ir analizando en que medida se cumpren os obxetivos, e tomará as medidas correctoras no caso contrario.

Este análise será máis profundo despois de cada avaliación e xa con resultados. Ao remate do curso resumíranse as principais desviacións producidas e as distintas medidas adoptadas na memoria final. Estas conclusións serán básicas para a elaboración da programación do curso seguinte

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A sesión de avaliación inicial realizarase os primeiros días do curso. Servirá para constatar o nivel do alumnado antes de comezar o proceso de ensino-aprendizaxe e para que o equipo docente faga un diagnóstico de partida de cada alumno e do conxunto do grupo. A avaliación inicial é un dos elementos que nos indica a necesidade de adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilidade na materia.

Esta avaliación inicial, poderase facer mediante unha proba escrita, u ben, facendo nunha sesión de clases varias preguntas orais para estudar o nivel xeral do alumnado. Pois, o alumnado moitas veces, chega a ciclo medio sen coñecer tan sequera de que trata a materia.

Realizarase unha entrevista persoal con cada alumno e alumna, para coñecer as súas dificultades, situación persoal, intereses... Ademais, a observación directa permitirá detectar a existencia de alumnado con necesidades educativas especiais

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dende o punto de vista metodolóxico, está presente en todo o proceso de ensinanza aprendizaxe, e debe levarnos aos docentes a:

-Detectar os coñecimentos previos de cada alumno e alumna ao principio de cada unidade dicáctica. No caso de que se detecten lagoas ou dificultades, se propón unha ensinanza compensatoria e individualizada, tendo actividades de diversos niveis segundo cada contido.

-Procurar que os contidos novos que se lle ensinen conecten cos coñecimentos previos e sexan adecuados ao seu nivel cognitivo (aprendizaxe significativo).

-Identificar os distintos ritmos de aprendizaxe e establecer as adaptacións correspondentes, proposta de outras actividades, atención individual.

-tentar que a comprensión do alumnado de cada contido sexa suficiente para unha adecuada aplicación e para enlazar cos contidos que se relacionan co mesmo

-Se propoñen entón : actividades de reforzo, actividades finais de cada unidade didáctica, exercicios interactivos co ordenador axeitado a cada nivel, o que lles da autonomía á hora de avanzar na súa aprendizaxe, tarefas de resumo e esquema da unidade, tendo en conta os aspectos básicos e mais importantes de cada contido.

-Actividades en equipo sempre que a situación sanitaria o permita, que fomenten a colaboración e axuda entre uns e outros ,formado grupos con alumnado de diferentes niveis.

Para o alumnado que o precise, adoptaranse medidas de reforzo que serán consensuadas e coordinadas co departamento de orientación

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Neste módulo desenvolvemos actividades que contribúen a que o alumnado desenvolva as seguintes capacidades:

- Educación moral e cívica: fomentando o respecto polas persoas, sexa cal sexa a súa condición social, sexual, racial ou relixiosa, valorando o pluralismo e a diversidade.
- Educación para a paz: traballando a actitude fronte ós conflitos, véndoos como algo natural que, ben entendidos, axudan á convivencia e a madurez.
- Educación para igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- Educación medioambiental: potenciando o aproveitamento e a reciclaxe dos materiais e o aforro enerxético.
- Educación para a saúde: traballando a atención e o respecto polas normas de uso de ferramentas, máquinas e aparellos. Fomentando o respecto pola orde e limpeza do posto de traballo.. Protocolo COVID-19 do centro
- Educación do consumidor: potenciarase o consumo moderado e responsable de materiais e recursos. Os valores axudan a crecer e fan posible o desenvolvemento armonioso de tódalas cualidades do ser humano. Os valores que se fomentaran en clase mediante a actividade diaria son:

- AUTOESTIMA

A autoestima é a capacidade de amarse a si mesmo e aceptarse tal como un é. Cando un se ama a si mesmo, desperta e sente amor acía os demais. E cando as persoas se aman resulta máis fácil facer un mundo mellor.

- TOLERANCIA

Todas as persoas polo feito de selo, merecen ser respetadas. Cando respetamos a alguén, estamos recoñecendo os seus dereitos e a súa dignidade como persoa.. Isto entraña dúas coordenadas básicas: a do respecto acía nos mesmos e a do respecto ós demais. Si unha persoa se respecta a si mesma, facilmente respetará aos demais. O respecto e a tolerancia son valores clave para lograr unha convivencia pacífica nun mundo multicultural.

- RESPONSABILIDADE

A responsabilidade é a facultade de responder dunha maneira adecuada coas nosas accións ás situacións que se nos presentan na vida. Danse dentro do marco da liberdade. Por iso, liberdade e responsabilidade van sempre unidas e non poden entenderse unha sen a outra.

- COOPERACIÓN

Cooperar é colaborar uns con outros para conseguir un mesmo fin. Sen a colaboración de uns e outros sería imposible a convivencia. Uns dependemos de outros e faise necesario aprender a axudar, a traballar en equipo, así como a desenvolver esa parte da intelixencia emocional que nos fai poñernos na pel do outro, adiviñar as súas necesidades e saber resolver os conflitos de maneira pacífica.

Prestarase especial atención ao aspecto emocional do alumno/a e a posible influencia deste no seguimento do proceso de ensino perseguindo que ningún alumno/a véxase prexudicado pola situación xerada no caso de ter actividade semipresencial e/ ou non presencial.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A actividade de aprendizaxe na aula complementarase (se a situación sanitaria o permite) con visitas a industrias de sectores de actividade relacionadas co futuro profesional do alumnado.

Asimesmo asistirán a charlas impartidas no centro relacionadas coa súa inserción profesional ou con aspectos técnicos específicos do seu currículo.

Estas actividades concretaranse durante o curso en función da dispoñibilidade de empresas, conferenciantes etc e reflectiranse na memoria de fin de curso.

Neste curso, de momento, non haberá actividades extraescolares debido as instrucións publicadas. Aínda que a situación pode cambiar.